



Concello de Foz

Expediente núm.: 450/2020

Procedemento: Procedemento Xenérico

DECRETO DA ALCALDÍA

ANTECEDENTES DE FEITO:

1.- Con data 12 de marzo de 2020 o Consello da Xunta de Galicia acordou unha serie de medidas especiais de prevención nos ámbitos da educación, o deporte, as actividades de ocio e as residencias de maiores en relación coa epidemia do virus "COVID- 19".

2.- Na mesma data, reunido en sesión extraordinaria, o Consello de Ministros adoptou novas medidas extraordinarias e excepcionais para, dun lado, limitar a propagación e o contaxio do virus COVID- 19 e, doutro lado, limitar o impacto económico causado pola enfermidade causada polo virus.

3.- Con data 12/03/2020 publicouse no DOG a RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, no que se sinala, entre outras, a seguinte medida "c) *No eido educativo, en atención á especial protección que se debe prestar á poboación sensible: - Suspensión de todo tipo de actividade lectiva regulada en todos os centros de ensino non universitario. Esta suspensión inclúe tamén os servizos educativos complementarios, nomeadamente o comedor, transporte e servizo de madrugadores, con independencia de quen sexa o organizador dos devanditos servizos*".

4.- Con data 13/03/2020 publícase no DOG a RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, que nos seus puntos sétimo e oitavo sinala

"Sétimo. Como medida adicional ás previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020 e, tendo en conta a evolución da situación, dispónse a suspensión da actividade durante 14 días naturais, contados desde a publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia, de todos os establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas incluídos no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia, e, noeadamente

- Cines, - Teatros, - Auditorios, - Circos, - Establecementos de espectáculos deportivos, - Recintos feirais, - Casinos, - Salas de bingo, - Salóns de xogo, - Tendas de apostas, - Estadios deportivos, - Pavillóns deportivos, - Recintos deportivos, - Pistas de patinaxe, - Ximnasia, - Piscinas de competición, - Piscinas recreativas de uso colectivo, - Parques





Concello de Foz

acuáticos, – Salóns recreativos, – Parques multiocio, – Museos, – Bibliotecas, – Salas de conferencias, – Salas polivalentes, – Salas de concertos, – Restaurantes, – Salóns de banquetes, – Cafetaría, – Bares, – Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas, – Salas de festas, – Discotecas, – Pubs, – Cafés-espectáculo, – Furanchos, – Centros de ocio infantil”

5.- Con data 13/03/2020 e en aplicación das normas anteriores, foi ditado tamén por esta Alcaldía un Bando, como consecuencia da evolución do COVID-19, no que se sinalaba o seguinte:

- *“Procederáse ao peche dos seguintes espazos públicos:*
 - *Parques e xardíns.*
 - *Pistas deportivas do clube de tenis.*
 - *Pista de skate e rocódromo da urbanización As Lagoas.*
 - *Pista de skate da explanada portuaria.*
 - *Parque infantil de tráfico da explanada portuaria.*
 - *Polideportivo do Campo da Cabana.*
- *Quedan aprazadas / suspendidas as seguintes actividades:*
 - *Mercado semanal dos martes na explanada portuaria.*
 - *Festas, eventos deportivos e calquera reunión de cidadáns e cidadás.”*
- *Ademáis quedará limitado o Servizo de Axuda no Fogar a aqueles casos que sexan esenciais.”*

6.- Con data 14/03/2020, o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Dita norma recolle no seu artigo 10.3 que se *“suspende a apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos nos que se desenvolvan espectáculos públicos, as actividades deportivas e de lecer”* e remite ao anexo, cuxo título é literalmente *“Lista de equipos e actividades cuxa a apertura ao público queda suspendida de acordo co establecido no artigo 10.3”*, incluíndo en dita relación os seguintes:

“Museos, Arquivo, Bibliotecas, Monumentos, Espectáculos públicos, Esparexemento e diversión: Café-espectáculo, Circos, Locais de exhibicións, Salas de festas, Restaurante-espectáculo, Outros locais ou instalacións asimilables aos mencionados. Culturais e artísticos: Auditorios, Cinemas, Prazas, recintos e instalacións taurinas, Outros recintos e instalacións: Pavillóns de Congresos, Salas de concertos, Salas de conferencias, Salas de exposicións, Salas multiuso, Teatros. Deportivos: Locais ou recintos pechados, Campos de fútbol, rugby, béisbol e asimilables, Campos de baloncesto, balonmán, balonvolea e asimilables, Campos de tiro ao prato, de pichón e asimilables, Galerías de tiro, Pistas de tenis e asimilables, Pistas de patinaxe, hóckey sobre xeo, sobre patíns e asimilables, Piscinas, Locais de boxeo, loita, judo e asimilables, Circuitos permanentes de motocicletas, automóviles e asimilables, Velódromos, Hipódromos, canódromos e asimilables, Frontóns, trinquetes, pistas de squash e asimilables, Polideportivos, Boleiras e asimilables, Salóns de billar e asimilables, Ximnasios, Pistas de atletismo, Estádios, Outros locais, instalacións ou actividades asimilables aos mencionados. Espazos abertos e vías públicas: Percorridos de carreiras pedestres, Percorridos de probas ciclistas, motociclistas, automobilísticas e asimilables, Percorridos de motocrós, trial e asimilables, Probas e exhibicións náuticas, Probas e exhibicións aeronáuticas, Outros locais, instalacións ou actividades asimilables aos mencionados. Actividades recreativas: De baile: Discotecas e salas de baile, Salas de mocidade. Deportivo-recreativas: Locais ou recintos, sen espectadores, destinados á práctica deportivo-recreativa de uso público, en calquera das súas modalidades. Xogos e





Concello de Foz

apostas: Casinos, Establecementos de xogos colectivos de diñeiro e de azar, Salóns de xogo, Salóns recreativos, Rifas e tómbolas, Outros locais e instalacións asimilables aos de actividade recreativa de Xogos e apostas conforme ao que estableza a normativa sectorial en materia de xogo, Locais específicos de apostas. Culturais e de lecer: Parques de atraccións, feiras e asimilables, Parques acuáticos, Casetas de feira, Parques zoolóxicos, Parques recreativos infantís. Recintos abertos e vías públicas: Verbenas, desfiles e festas populares ou manifestacións folclóricas. De lecer e diversión: Bares especiais: Bares de copas sen actuacións musicais en directo, Bares de copas con actuacións musicais en directo. De hostalería e restauración: Tabernas e adegas, Cafeterías, bares, café-bares e asimilables, Chocolaterías, xeaderías, salóns de té, croissanteries e asimilables, Restaurantes, autoservizos de restauración e asimilables, Bares-restaurante, Bares e restaurantes de hoteis, excepto para dar servizo aos seus hóspedes, Salóns de banquetes, Terrazas”

Por outra banda, o mesmo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 recolle no artigo 9 a suspensión da actividade educativa, co seguinte tenor literal:

“Artigo 9. Medidas de contención no ámbito educativo e da formación.

- 1. Suspéndese a actividade educativa presencial en todos os centros e etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensino contemplados no artigo 3 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, incluída o ensino universitario, así como calquera outras actividades educativas ou de formación impartidas noutros centros públicos ou privados.*
- 2. Durante o período de suspensión manteranse as actividades educativas a través das modalidades a distancia e «en liña», sempre que resulte posible”.*

7.- Con data 29/03/2020, foi publicado no BOE o Real Decreto-lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, que de facto supuxo a imposibilidade de desenvolver determinadas actividades adicionais ás definidas inicialmente no anexo do RD 463/2020, entre os días 30/03/2020 e o 08/04/2020.

8.- Con data 14/04/2020 e Unha vez transcorrido o prazo de vixencia do Bando de Alcaldía de data 13/03/2020, foi ditado novo Bando de Alcaldía no que se amplía o seu marco temporal *“durante toda a duración do estado de alarma, e especialmente, durante a vixencia dos artigos nos que se fundamentan do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19”.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1.- Sendo que as autorizacións de uso de locais e espazos municipais, así como, a realización de actividades e prestación de servizos municipais, se atopan suspendidos por causa do coronavirus COVID-19, ben por decisión do concello ou ben por imposición doutras administracións de ámbito superior, o certo é que ditas actuacións implican o pagamento de taxas ou prezos públicos establecidos polo concello, motivo polo cal foi requirido informe de Intervención e Tesourería con data 22/04/2020, no que se recollen as seguintes conclusións:

PRIMEIRA.- A taxa pola recollida de lixo, regulada polo Concello de Foz na súa





Concello de Foz

correspondente Ordenanza Fiscal, resulta esixible nos propios supostos contemplados nela, aínda que nos atopémonos baixo os efectos do estado de alarma decretado polo Goberno mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, pois gravan servizos de recepción obrigatoria polos contribuíntes. Sendo aplicables as tarifas recollidas na ordenanzas aprobadas polo Pleno.

Polo anterior, na actualidade non cabe dispensar da súa aplicación as situacións especialmente afectadas pola crise causada polo COVID-19 xa que ata o de agora as normas con rango de lei non o prevén nin, en consecuencia, as ordenanzas fiscais poden prevelo tampouco, ao precisar expresa habilitación da aquelas para facelo, conforme os artigos 9 e 12 do TRLRFL e as propias Ordenanzas Fiscais municipais.

SEGUNDA.- *Sen prexuízo do anterior, afírmase que se ben o servizo de recollida de lixo é de recepción obrigatoria polos contribuíntes, podendo, en condicións normais, facer uso ou non dos mesmos, na crise orixinada polo COVID-19 e no presente estado de alarma decretado, apréciase unha clara prohibición da Administración ao respecto do exercicio de gran parte das actividades económicas, polo que agora non actúa a vontade dos contribuíntes e sen embargo seguen estando afectados por ditas taxas, circunstancia da que se informa ao Concello xa que supón un feito diferencial non contemplado na xurisprudencia contida no presente informe en relación á configuración dos servizos de recepción obrigatoria.*

En consecuencia, aínda que a situación do estado de alarma é excepcional, non existe actualmente xurisprudencia nin normativa para encaixar a non aplicación das taxas pola recollida do lixo .

TERCEIRA- *Non procede esixir as taxas que gravan as actividades ou servizos que presta o Concello de Foz, nin a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal, durante o período no que aquelas non teñen lugar, coma actual situación de crise orixinada polo COVID-19. No caso de que se produza o pagamento das taxas, o Concello deberá devolver o seu importe, conforme ao artigo 26.3 do TRLRFL.*

CUARTA.- *Tampouco procede esixir os prezos públicos que gravan actividades ou servizos que presta o Concello de Foz durante o período no que aquelas non teñen lugar, coma actual situación de crise orixinada polo COVID-19.. No caso de que se produza o pagamento dos prezos públicos, o Concello deberá devolver o seu importe, conforme ao artigo 46.2 do TRLRFL.*

QUINTA- *A competencia para a adopción de medidas de suspensión relativas á recadación de taxas e prezos públicos referidos no informe corresponde ao Alcalde, conforme ao artigo 21.1. f) e m) da LRBR.*

SEXTA- *En definitiva tanto nas taxas como nos prezos públicos se se produce o feito imponible debe procederse a cobranza dos mesmos nos termos recollidos nas ordenanzas do Concello de Foz.*

2.- Sendo que no referente ao servizo de recollida de lixo pese a ser de recepción obrigatoria, de facto se está a producir unha situación semellante ás outras figuras tributarias e prezos públicos afectados, posto que a causa de que o servizo non se preste ou desenvolva aos afectados, non depende da súa vontade ou non é imputable aos suxeitos pasivos, senón a unha decisión da Administración que llo impide. Ao respecto, cabe confrontar o exposto a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 30 de abril de 2008, na que se sinala o seguinte:





Concello de Foz

“TERCEIRO.- A partir dos presupostos anteriores constatase a dificultade de articular unha solución contraria ás teses da Administración apelante sen afectar directamente a la normativa mencionada. A STSXC de 19/1/1999 (NFJ007731) subliña que «como destaca a doutrina, a utilización do servizo e a conseguinte percepción da taxa non poden depender da vontade dos propietarios, estando a Corporación Local perfectamente capacitada para impoñelo con carácter imperativo e para cobrar a taxa, sempre que tal servizo se preste efectivamente, de forma que ao ser un servizo xeral e obrigatorio non so afecta aos veciños que o utilizan senón a todos os que se encontran en disposición de poder utilizalo.

En consecuencia, cando o servizo de recollida domiciliar de lixo e residuos sólidos de que se trata teña o carácter de recepción obrigatoria do servizo e se preste o servizo para as fincas das que se sexa propietario así como para as demais ubicadas nas mesmas vías públicas, nunca bastará invocar que no local non se realiza actividade algunha, por atoparse pechado, o que en modo algún pode supor a falta de devengo da taxa polo servizo xeral e obrigatorio que se presta igualmente a aquel aínda que se atope pechado, e sexa manifesta a posibilidade de utilización en calquera momento en que se leve a cabo actividade, ou aínda sen levarse a cabo esta, de producir lixo ou residuos sólidos, así como a disposición do servizo que provocou os custes que se satisfacen a través da taxa».

Doutrina a anterior perfectamente aplicable e compatible coa cuestión examinada e en relación á cal os únicos límites a sinalar serían, ben o de carácter administrativo, no caso en que o propio Concello, por non outorgar as licencias pertinentes impedira a actividade no local sobre o que descansa o feito impoñible da taxa, ben de carácter físico, cando a todas luces este fora absolutamente inhábil para todo tipo de actividade real ou potencial xeradora de residuos. A sentenza apelada parece referirse a este último aspecto ao mencionar que o inmovible do apelado "ten unhas condicións que imposibilitan que poda xerar residuos dos que deba facerse cargo o ente local"; pero tal indicación, é preciso resaltar, carece en autos de suficiente substrato probatorio, máis aló das manifestacións do recorrente, pois a inspección xirada (folio 9 do expediente) acreditou que o inmovible en cuestión "é un NUM001 en dicha rúa... sen actividade algunha. Cerrado total", descrición a anterior perfectamente compatible co artigo 2 da Ordenanza municipal antes mencionada respecto do cal a propia sentenza apelada determinou que non se observaba ningún motivo de ilegalidade”.

Sendo que no caso que nos ocupa semella claro que determinados suxeitos pasivos non se atopan en disposición de poder utilizar os servizos por causas alleas á súa vontade, baseadas en decisións da Administración, ao obrigarlles a pechar as súas instalacións, polo que hai un impedimento efectivo para realizar a actividade nos locais sobre os que descansa o feito impoñible destas taxas, circunstancia que ponse en coñecemento da Corporación a efectos da súa valoración.

Tendo en conta os antecedentes de feito, así como, o fundamentos xurídicos expostos no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, adopción de decisións en situacións de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco e desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, previstas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia,





Concello de Foz

RESOLVO

PRIMEIRO.- Recoñecer que se dan os supostos recollidos nos artigos 26.3 e 46.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e por tanto non procede esixir as taxas e/ou prezos públicos que gravan as actividades ou servizos que presta o Concello de Foz, nin as taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal, que se devindiquen entre o 13/03/2020 e o momento en que se produza o levantamento das suspensións impostas pola declaración de estado de alarma, para as seguintes figuras e supostos:

- Taxa por prestación do servizo de Escolas Deportivas Municipais.
- Taxa polo servizo municipal da praza de abastos e mercado público.
- Taxa pola ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos con finalidade lucrativa.
- Taxa por ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de construción, escombros, barreiras, puntais, asillas, andamios e outras instalacións análogas.
- Prezo público pola prestación dos servizos de ensino da Escola Municipal de Música.
- Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, para aqueles usuarios para os que lles foi suspendido o servizo.

SEGUNDO.- Recoñecer que non ten lugar o feito impoñible que se recolle no artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e por tanto, segundo o artigo 12 da Lei 8/1989, de 13 de abril, non procede esixir ou procede devolver no seu caso as taxas que gravan as actividades ou servizos que presta o Concello de Foz que se devindiquen entre o 13/03/2020 e o momento en que se produza o levantamento das suspensións impostas pola declaración de estado de alarma, entendendo aplicable as excepcións previstas na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 30 de abril de 2008, para a seguinte figura e coas seguintes condicións:

- Taxa por recollida de lixo. Afectará ás actividades suspendidas polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e/ou Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Neste caso será precisa solicitude previa dos interesados, e acreditarase mediante a presentación da declaración censal ou certificado da AEAT do IAE da anualidade do 2020, cuxo epígrafe se axuste ás actividades suspendidas. No caso de que as solicitudes se presenten con posterioridade ao fin do prazo de pagamento e xa se tivera producido este, procederse á devolución correspondente.

TERCEIRO.- O disposto nos puntos anteriores, terá unha vixencia de catro (4) meses a contar dende o 13/03/2020, agás nos casos e para as actividades nas que se teñan levantado as suspensións impostas polas distintas administracións públicas con anterioridade ao seu vencemento. O prazo establecido será susceptible de prórroga unha vez realizada a oportuna avaliación do impacto da medida na tesourería municipal.





Concello de Foz

CUARTO.- Que o prazo para a presentación das solicitudes se inicie dende o día seguinte a que se faga pública dita resolución, sendo o prazo de presentación das mesmas de 15 días naturais dende a súa publicación. En todo caso, ditas solicitudes deben realizarse preferentemente de maneira telemática, salvo os obrigados a relacionarse por medio electrónicos.

QUINTO.- Instar aos servizos do concello encargados de xestionar e recadar os tributos e prezos públicos que se recollen no punto anterior, incluídos no seu caso os concesionarios do concello de Foz, a que tomen as medidas oportunas para que non se proceda á súa liquidación nos períodos e supostos mencionados, ou de ser o caso que se inicien os trámites para a devolución de oficio de ser aboados con anterioridade.

E nomear ao recadador municipal para que leve a cabo a comprobación e resolución das solicitudes plantexadas e remita a información a empresa encargada da elaboración do padrón da recollida de lixo.

SEXTO.- Instar á Deputación de Lugo, como ente que ten delegada a xestión e recadación dos impostos máis importantes deste concello (IBI, IVTM, IAE), a que adopte medidas dentro das posibilidades que lle outorga o Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para minimizar ou paliar a incidencia da situación de crise actual na situación económica de dos veciños, profesionais e empresarios deste concello, como poden ser:

- Adiamento dos padróns tributarios (IVTM, IBI, IAE, ...) aos últimos meses do ano, contando que estea xa superada a fase máis aguda da crise, e os suxeitos pasivos podan facer fronte ao pagamento con menos problemas
- Fraccionamento de oficio de xeito xenérico nos impostos, como aplican outros concellos e incluso o propio estado no IRPF. É dicir división dos recibos en varias fraccións, a pagar con separación no tempo, sen aplicación de xuros.
- Flexibilizar a normativa sobre adiamento e fraccionamento que posúe a Deputación de Lugo, durante a vixencia desta situación (como exemplo artigo 14 Real Decreto-lei 7/2020, de 12 de marzo, 6 meses sen xuros)

SEXTO.- Dar publicidade do presente acordo para xeral coñecemento e ao pleno da corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Mandao e asinao, o Alcalde don Francisco Cajoto Caserio, no concello de Foz, en data de sinatura electrónica, ante min, o Secretario, aos efectos de fe pública segundo o disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

ALCALDE,

FRANCISCO CAJOTO CASERIO

O SECRETARIO

VÍCTOR VOCES LÓPEZ

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

